



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Modificación puntual núm.4 do Plan xeral de ordenación municipal de Coirós

Promotor: Concello de Coirós

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2018AAE2240

Código web: 2119/2018

O día 10.07.2018 recibíuse no rexistro desta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito do Concello de Coirós no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual núm.4 do Plan xeral de ordenación municipal de Coirós*, para modificar aliñacións das estradas provinciais nos núcleos rurais e outras alteracións no sistema viario. Achegaba un borrador do planeamento e un documento ambiental estratéxico.

Unha vez avaliada a documentación presentada, e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3 A LSG establece tamén que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Se ben, esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.
- 4 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses** o documento ambiental estratéxico e o borrador da ***Modificación puntual núm. 4 do Plan xeral de ordenación municipal de Coirós***.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://www.cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estraxica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.



- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica (http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018